



CONVENIO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E A ASOCIACIÓN STARTUP GALICIA PARA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE APOIO AO EMPRENDEMENTO INNOVADOR

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director da Área de Competitividade do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)

DECLARA:

Que este ente ten previsto formalizar coa Asociación Startup Galicia (Startup Galicia) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 30 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

a colaboración para o desenvolvemento por parte de Startup Galicia de actividades e programas específicos de apoio ao emprendemento innovador que complementen, potencien ou reforcen as actividades do IGAPE neste eido durante o período 2023-2024, na procura de sinerxías que teñan un efecto multiplicador dos recursos públicos destinados ao efecto.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

I. Que o Igape é a axencia de desenvolvemento rexional de Galicia cuxa natureza xurídica é a de ente de dereito público con personalidade xurídica e patrimonio propios. Entre os seus obxectivos están os de fomentar a creación de novas empresas e facilitar servizos de asesoramento, planificación, xestión, financiamento, formación, localización, seguimento e, en xeral, calquera outro que poida contribuir á creación e desenvolvemento das empresas e a mellora competitiva e innovación do sistema produtivo galego. Asemade, a Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, establece que o Igape terá a consideración de entidade instrumental do sector público autonómico con competencias en materia de emprendemento.

II. Startup Galicia é unha entidade sen ánimo de lucro de carácter multisectorial, constituída o 28 de novembro de 2016 co obxectivo de converterse nunha comunidade aberta, forte, dinámica, conectada e colaborativa de persoas ligadas ao emprendemento tecnolóxico e innovador en Galicia, sector aínda incipiente pero con grande capacidade para xerar valor, riqueza e emprego de calidade. A entidade agrupa a 100 persoas socias de toda Galicia ligadas ao emprendemento que representan a case 80 empresas e que xeran preto de 7.000 empregos directos. O mapa de startups, unha ferramenta de participación voluntaria para dar visibilidade ás empresas de ámbito tecnolóxico e innovador, amosa 180 empresas no territorio galego. A misión de Startup Galicia é CONECTAR aos emprendedores do noso ecosistema entre si e cos doutros ecosistemas ou que queiran incorporarse ao noso, FORMAR novos emprendedores para que se



incorporen ao ecosistema, o potencien e o fagan medrar, e INSPIRAR unha cultura en Galicia que promova e valore o emprendemento e multiplique o potencial laboral da nosa terra.

III. Para a consecución dos seus fins Startup Galicia ofrece, entre outros, estes servizos, para os que conta con equipos directivos e persoal técnico profesionalizados, con preparación e experiencia no ámbito da actividade de emprendemento tecnolóxico e innovador. Amósanse a continuación algunhas das actividades destacadas da asociación

- *Newsletter: coas noticias máis relevantes do ecosistema que cada luns chega a máis de 1.000 persoas subscritas na actualidade.*
- *Furancho: unha canle de Slack onde cada día conectan, comparten, falan, traballan actualmente máis de 1.050 persoas, pertencentes ó ecosistema galego de startups..*
- *Mapa de startups: mapa para dar a coñecer o ecosistema de startups e empresas innovadoras de Galicia, con máis de 170 referencias na actualidade.*
- *Eventos: unha serie de eventos formativos e de networking referentes na comunidade*

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela,

Norberto Penedo Rey
Director do Area de Competitividade do IGAPE